



INFORMA



Asunto: procedemento carreira profesional xestión e servizos e sanitarios de formación profesional.

Co fin de coordinar e axilizar ao máximo a resolución de expedientes de carreira profesional do persoal de xestión e servizos e sanitarios de formación profesional, convén que os órganos de xestión dos centros organicen a procedemento tendo en conta a seguinte información e indicacións de orden interno:

1º.- Apertura do prazo de solicitude:

A convocatoria publicarase previsiblemente no DOG do Luns día 29 de Outubro de 2007 .

O prazo será dende o día seguinte, e ata 30 de novembro.

Aconsellarase a presentación da solicitude (anexo I) e autoavaliación (anexo II) nos rexistros dos centros competentes para efectuar a avaliación.

2º.- Ordenación dos expedientes de solicitude:

Os expedientes ordenaranse segundo a menor o maior dificultade na resolución dos mesmos.

Serán de mínima dificultade os que teñan os anexos I e II debidamente cumprimentados e acreditados cinco anos de servizos prestados na mesma categoría e institución.

Serán de dificultade media os expedientes incompletos.

Serán de dificultade alta, os informados desfavorablemente ou os que requiran interpretación de criterios xerais.

Serán de dificultade moi alta os que teñan servizos prestados en diversas categorías.

Os expedientes dos profesionais exentos deberán ser remitidos á División de Recursos Humanos e desenvolvemento profesional do Sergas xunto coa certificación de servizo prestados, coa ordenación anterior segundo corresponda.



3º.- Avaliación rápida

As solicitudes de dificultade mínima presentadas de acordo coa anterior, dentro da primeira semana de prazo, e informadas favorablemente, serán obxecto de avaliación, e introducidas no aplicativo informático o antes posible e como máximo ata o día 8 de novembro.

Estas serán as únicas que se introduzan no aplicativo nese prazo.

As solicitudes do paragrafo anterior, sempre que sexa entregada a certificación do comité correspondente no servizo de carreira profesional da subdirección xeral de políticas de persoal do servizo galego de saúde, polo medio mais áxil posible, e como máximo o venres día 9 de novembro, resolveranse por resolución do director xeral con data 13 de novembro de 2007, co obxectivo de que o complemento de carreira correspondente se abone na nómina de novembro.

4º. Avaliación ordinaria:

As solicitudes presentadas na semana seguinte seguirán o mesmo procedemento, e, do mesmo xeito, as presentadas na semana seguinte a esta. Seguirán sendo tramitadas con prioridade as de dificultade mínima.

Unha vez resoltas todas as presentadas de dificultade mínima, continuarase coas de dificultade media e sucesivamente coas de dificultade alta e moi alta.

As resolucións correspondentes as anteriores da segunda e terceira semana de novembro, serán abonadas na nómina de decembro, e as sucesivas nos meses correspondentes en función da data de resolución e peche de nómina.

5º.- Pago único

Por acordo da comisión de seguimento do Acordo, o complemento de carreira profesional no grao I correspondente ao semestre xullo-décembro 2007 será de pago único na nómina correspondente.

A partir de Xaneiro 2008 o abono será mensual, e no seu caso, cos atrasos correspondentes ao período anterior.



INFORMA



6º.- Participación dos xefes/as coordinadores/as

Coa máxima antelación posible, as direccións de recursos humanos dos centros deben organizar a información desta carreira cos mandos, a efectos de comunicarlles e explicarlles a convocatoria, os anexos e os modelos de solicitude. Desta forma, a súa vez, estes poderán informar e resolver as dúbidas que podan suscitarse nos traballadores do equipos aos seu cargo.

Unha vez informados, as direccións deberán fixar a data para a cumprimentación do informe que lle corresponde en virtude das solicitudes presentadas, co obxectivo anterior de máxima axilidade e tendo en conta os procedementos anteriores.

7º. Información aos profesionais

Co obxecto de coordinar a información, e orientar aos traballadores, evitando informacións diversas que confunden aos traballadores, debe destinarse unha unidade específica de información e aclaración de dúbidas de carreira profesional ao cargo de un/ unha profesional responsable dos servizos de persoal dos centros.

O servizo de carreira profesional atenderá as dúbidas formuladas polos responsables de persoal e recursos humanos dos centros.

8º.- Comisións de servizo con destino no servizo galego de saúde e con praza fixa noutra comunidade:

Aos solicitantes que reúnan esta condición deberán informarlles que poden presentar a súa solicitude no prazo previsto na resolución pola que se convoca o grao I, que será resolta, de cumprir os demais requisitos, no caso de que obteñan a praza fixa por mor do concurso de traslados actualmente en marca e con data da toma de posesión da praza fixa no Servizo Galego de Saúde.

9º.- Nova oferta de integración de persoal funcionario e laboral

En breve prazo será publicada nova Orde da Consellería de Sanidade pola que se abre un novo prazo de integración para este persoal. Nela se habilitará un prazo para acceso a carreira profesional do persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional que solicite a integración, e que terá os mesmos requisitos e efectos que para o resto de persoal.



INFORMA



10º.- Psicólogos clínicos e asimilados en categorías de licenciados sanitarios pendentos de acceso a carreira profesional :

Realizarase tamén unha convocatoria propia para este persoal que habilite un prazo de solicitude e procedemento propio para este persoal, polo que non están comprendidos nesta convocatoria, si ben os efectos serán os mesmos, previstos no Acordo.

11º.- Promoción interna

Os servizos prestados en diversas categorías, así como a categoría elixida para o acceso a carreira profesional en función destes, é un dos temas máis complexos do acordo.

Con obxecto de resolver as dúbidas da forma máis precisa, sen erros que poderían prexudicar aos traballadores, deberá indicarse a estes, que soliciten a información por escrito, no prazo e ata o día 13 de novembro, nese escrito deben recoller exposición sucinta dos datos a ter en conta, para poder valorar a recomendación ao traballador nesta materia, que será resolto antes de finalizar o prazo.